



Concello de Lugo

jdiaz

Refª: Acta proceso selectivo 12 prazas de bombeiro condutor

Asunto: Acta constitución Tribunal proceso selectivo bombeiro condutor

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 12 PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A (3 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2017, 3 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2018 e 6 INCLUIDAS NA OEP 2020) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE.

Sendo ás 10 horas da mañá do día 10 de xaneiro de 2.022, no Edificio municipal de novas tecnoloxías, sito na praza Anxo Fernández Gómez s/n de Lugo, reúnese o Tribunal cualificador da convocatoria do proceso selectivo mediante o sistema oposición para á provisión de 12 prazas de bombeiro/a condutor/a (6 prazas incluídas na OEP 2017, 3 prazas incluídas na OEP 2018 e 6 prazas incluídas na OEP 2020), pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, coa asistencia dos seguintes membros do mesmo que se citan a continuación:

Presidente: Don Juan Ignacio Márquez Gacio, Técnico do Concello de Lugo.

Vogais: Don Pablo Yanes Rivas, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Lugo.

Don Alejandro Fernández Carballeira, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Lugo.

Don Eduardo López Dorado, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Lugo.

Asesor colaborador do Tribunal: Don Gonzalo Perrreira Ferreiro, Licenciado en Educación Física.

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor-Vicesecretario do Concello de Lugo.

Primero.- Constituído o Tribunal, o Presidente da lectura das bases aprobadas por que rixen a convocatoria para o acceso en propiedade das 12 prazas de bombeiro/a condutor/a (6 prazas incluídas na OEP 2017, 3 prazas incluídas na OEP 2018 e 6 prazas incluídas na OEP 2020), pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 18/751 da Xunta de Goberno Local deste Concello nasúa sesión do 30 de decembro de 2020 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, publicadas nos Boletines Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 de 29 de novembro de 2018.



jdiaz

Refª: Acta proceso selectivo 12 prazas de bombeiro condutor

Asunto: Acta constitución Tribunal proceso selectivo bombeiro condutor

Segundo.- En cumprimento da resolución ditada polo Decreto número 10797/2021 de 10 de decembro de 2021, da Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, os membros deste Tribunal quedan convocados para a realización da primeira proba referido proceso selectivo, consistente en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de dúas horas e trinta minutos, un cuestionario dun máximo de 100 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas, determinadas polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e relacionado coas materias comprendidas no Anexo I desta convocatoria, **para o próximo día 11 de xaneiro de 2022, as 12 horas, no pazo de Feiras e Congressos de Lugo, sito na Avenida dos Deportes, s/n, C.P. 27004, Lugo.**

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, se levanta a presente Acta as 11 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

O Presidente do Tribunal.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Juan Ignacio Márquez Gacio.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal. Vogal.

Asdo.: Pablo Yanes Rivas.

Asdo.: Eduardo López Dorado.

Vogal.

Asdo.: Alejandro Fernández Carballeira.

Asesor colaborador.

Asdo.: Gonzalo Perreira Ferreiro